

Resolución núm. 2023/0184

Expediente: 2023/1840M

RESOLUCIÓN

***ACORDO DE RESOLUCIÓN** da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2023 e o derradeiro trimestre do ano 2022.*

Vistas as Bases da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2023 e o derradeiro trimestre do ano 2022, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP de Ourense número 41, do 18 de febreiro de 2023.

Visto o ditame da Comisión de Valoración de data 10 de abril de 2023, polo que formula a proposta provisional de resolución da convocatoria pública para a concesión das subvencións.

Visto o informe de 28 de abril de 2023, no que se informa da publicación da proposta de resolución na web do Inorde así como a súa notificación fehaciente a todas as asociacións interesadas e que, transcorrido o prazo de audiencia, dende a última data sexa de publicación ou notificación, non se presentaron alegacións a mesma.

Vista a fiscalización previa do compromiso ou disposición de gasto, en sentido favorable, realizada pola Intervención.

Considerando, o abeiro do previsto na cláusula sétima parágrafo 6 das Bases da convocatoria pública, que transcorridos dez días hábiles, contados dende que a última data sexa

a de notificación ou publicación da devandita proposta provisional de resolución do concurso para a concesión das subvencións, sen que se houberan presentado alegacións a mesma, a proposta provisional convertese en definitiva.

Tendo en conta o establecido na base decimo primeira das Bases que rexen o concurso, conforme a cal *“A resolución do procedemento se publicará no Boletín Oficial da Provincia, desde cuxa data se computarán os prazos para o exercicio dos recursos administrativos e accións xudiciais que correspondan. Dita resolución tamén será publicada na páxina web do Inorde, <http://www.inorde.com>, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, e será obxecto de comunicación electrónica individualizada os interesados.”*

Considerando que, conforme as atribucións concedidas por delegación da Comisión Executiva, o abeiro do establecido no artigo 12.2.1) do Estatutos do Inorde, en relación co artigo 11.f) dos ditos Estatutos, segundo o disposto na cláusula sétima, parágrafo 2 das Bases da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2023 e o derradeiro trimestre do ano 2022, a Presidencia do Inorde é competente para a resolución do concurso, concedendo ou denegando as subvencións solicitadas.

Polo exposto, DISPOÑO:

RESOLVER a convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2023 e o derradeiro trimestre do ano 2022, dacordo a proposta da Comisión de Valoración, nos seguintes termos:

1º. Non admitir a trámite a solicitude presentada pola Asociación de Empresarias y Profesionales de Ourense (AME), pola súa presentación en data 24 de marzo de 2023, fora do

prazo improrrogable de presentación de solicitudes establecido na base quinta, parágrafos 1 e 2, das Bases da convocatoria, que había rematado o día 23 de marzo de 2023.

2º. Admitir a trámite as seguintes solicitudes:

ASOCIACIÓN	PROXECTO
Establecementos Asociados do Ribeiro	Campaña Benvida Primavera e Mercadillo de Nadal
Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco	Campaña Túnel do Terror – Samaín
Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA	Feira do Comercio PROLIMIA
Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto	Somos DO Carballiño
Asociación Empresarial de Valdeorras	Tarxetas VALDECASH – segunda fase
Asociación de Comerciantes, Empresarios y Profesionales del Centro Comercial Abierto de Ourense	Accións de dinamización e promoción do comercio

3º. Conceder as subvencións, conforme á valoración efectuada e aplicando o modo de cálculo establecido na cláusula novena das Bases da convocatoria, polos importes que se indican, as solicitudes seguintes:

ASOCIACIÓN	PROXECTO	TOTAL PUNTOS	VALOR ECONOMICO PUNTO	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)
Asociación Establecementos Asociados Ríbeiro	Campaña Benvida Primavera e Mercadillo do Nadal o	79,31	73,76	5.849,57
Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco	Campaña Túnel do Terror - Samain	97,16	73,76	7.166,52
Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA	Feira do Comercio PROLIMIA	82,16	73,76	6.060,12
Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto	Somos DO Carballiño	86,29	73,76	4.885,56
Asociación Empresarial de Valdeorras	Tarxetas VALDECASH - segunda fase	100,00	73,76	7.376,00
Asociación de Comerciantes, Empresarios y Profesionales del Centro Comercial Abierto de Ourense	Accións de dinamización e promoción do comercio	97,41	73,76	7.184,96

4º. **Recordar** que as asociacións beneficiarias ten que adoptar as medidas de comunicación e visibilidade da subvención concedida establecidas na base décimo segunda das Bases da convocatoria, debendo realizar as seguintes medidas de difusión:

a) A inclusión da imaxe institucional do Inorde ou unha lenda alusiva o feito de que a actividade está subvencionada polo Inorde nos materiais impresos, como carteis, entradas, prospectos, boletos ou outros, e no material audiovisual que se realice da actividade.

b) Na páxina web ou nas contas nas redes sociais do beneficiario.

c) As actividades de comunicación dos beneficiarios relacionadas coa acción ou accións subvencionadas.

En todo caso, se houberan realizado totalmente a actividade con anterioridade a resolución da convocatoria, nas actividades de comunicación posteriores si deberá facerse referencia á financiación de carácter público recibida do Inorde.

Recordar tamén que todos as asociacións beneficiarias, aínda que houberan realizado a actividade con anterioridade a resolución da convocatoria das subvencións, deberán dar cumprimento das súas obrigas de publicidade activa da subvención concedida, de



Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico

Deputación Provincial de Ourense

conformidade co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e ben goberno.

5º. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina <http://www.inorde.com> e na Base de Datos Nacional de Subvencións e comunicalo electrónicamente as asociacións interesadas.

Así o dispon e firma a Presidencia, en Ourense, na data que consta na firma electrónica de este documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por ROSENDO LUIS
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Presidente do INORDE
03/05/2023 - 11:48:09

Asinado electrónicamente por JUAN
MARQUINA FUENTES
Secretario do Inorde
03/05/2023 - 11:54:26